

Poboación xuvenil 2º trimestre de 2019

Dos 317.600 mozos e mozas galegos de entre 16 e 29 anos, 123.900 (o 39,0%) están ocupados, 30.200 (o 9,5%) parados e os 163.400 (o 51,4%) restantes son inactivos.

A taxa de ocupación deste colectivo sitúase no 39,0% no segundo trimestre de 2019. Con respecto ao trimestre anterior aumenta 2,9 puntos; con respecto ao mesmo trimestre do ano 2018 aumenta 0,7 puntos.

A taxa de paro xuvenil sitúase no 19,6% neste trimestre; diminúe 3,5 puntos respecto ao trimestre anterior. En comparación co segundo trimestre de 2018 diminuíu 3,6 puntos.

Taxas de actividade, ocupación e paro da poboación de 16 a 29 anos. Galicia. Segundo trimestre de 2019

Porcentaxe

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
Taxa de actividade	48,5	1,6	-1,4
Taxa de ocupación	39,0	2,9	0,7
Taxa de paro	19,6	-3,5	-3,6

Poboación de 16 a 29 anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Segundo trimestre de 2019

Miles de persoas, porcentaxe

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao trimestre pasado (%)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (%)
Poboación de 16 a 29 anos	317,6	0,0	0,0	-1,1	-0,3
Activos	154,2	5,3	3,6	-4,9	-3,1
Poboación ocupada	123,9	9,3	8,1	1,7	1,4
Poboación parada	30,2	-4,1	-12,0	-6,8	-18,4
Inactivos	163,4	-5,3	-3,1	3,8	2,4

No segundo trimestre de 2019, o 72,6% dos ocupados e das ocupadas de entre 16 e 29 anos traballa a xornada completa. Con respecto ao primeiro trimestre de 2019, esta cifra aumenta un 9,9%, mentres que o de mozos e mozas ocupados a xornada parcial aumenta en 1.200 persoas. Con respecto ao segundo trimestre de 2018 aumenta a ocupación xuvenil que traballa a xornada parcial (en 2.400 persoas) e diminúe a ocupación a xornada completa (en 700 persoas).

Poboación ocupada de 16 a 29 anos segundo o tipo de xornada. Galicia. Segundo trimestre de 2019

Miles de persoas, porcentaxe

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao trimestre pasado (%)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (%)
Total	123,9	9,3	8,1	1,7	1,4
Completa	89,9	8,1	9,9	-0,7	-0,8
Parcial	34,0	1,2	3,7	2,4	7,6

Dos 112.600 asalariados e asalariadas existentes neste trimestre de entre 16 e 29 anos, o 37,9% está vinculado á empresa por medio dun contrato indefinido. O número de mozos e mozas con contrato indefinido aumentou un 0,7% respecto ao trimestre anterior e un 3,9% respecto ao mesmo trimestre de 2018. O número de mozos e mozas asalariados con contrato temporal aumentou un 12,2% respecto ao trimestre pasado e diminuíu un 1,8% respecto ao segundo trimestre de 2018.

A taxa de temporalidade para o colectivo dos mozos e mozas de entre 16 e 29 anos sitúase no 62,1%.

Poboación asalariada de 16 a 29 anos segundo a duración do contrato. Galicia. Segundo trimestre de 2019

Miles de persoas, porcentaxe

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao trimestre pasado (%)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (%)
Total	112,6	7,9	7,5	0,3	0,3
De duración indefinida	42,7	0,3	0,7	1,6	3,9
Temporal	69,9	7,6	12,2	-1,3	-1,8